Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Toponimia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Donalbai

Do castro de Donalbai, Begonte (Lugo), saíron tres irmáns que se chamaban Grandeu, Albai e Senén. Cada un destes irmáns deu nome a un barrio: Dongrandeu, un , Donalbai, o outro, e Senande, o terceiro. Así se explicaría a razón do nome Donalbai.

Outra opinión: Eran tres irmáns: Don Álvaro, Don Grandeu e Don Senande. Don Grandeu quedouse cun barrio que hai, que se chama Dongrandeu, que está despois das Penas dos Mouros; don Albai quedouse co que agora se escribe Donalbai, e Senande deulle nome a outro barrio que queda na parte de alá.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de María Silvarrei, Donalbai (22 de outubro de 1995) e de Darío, pedáneo de Donalbai (22 de outubro de 1995).

Bibliografía:

Cuba Rodríguez, X. R., Reigosa Carreiras, A., "*Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda"*, en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.